

## **CRITERIOS DE SELECCIÓN DA FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR PARA AS BOLSAS ERASMUS + ESTUDOS 2016-2017**

O Regulamento de mobilidade e selección de estudiantes de grao propios da Facultade de Ciencias do Mar (aprobado na Xunta de Facultade de 18 de decembro de 2014) establece no punto 4 os requisitos académicos específicos para a participación do estudiantado da Facultade de Ciencias do Mar nos programas de mobilidade, sendo os seguintes:

- 4a. Ter aprobado, polo menos, 48 ECTS do primeiro curso de Grao no momento de iniciar a estadía.
- 4b. Ter aprobados alomenos o 50% dos créditos matriculados no momento de solicitar a estadía.
- 4c. O número total de créditos que un estudiante poderá cursar no marco dos programas de mobilidade e que serán convalidables por materias propias dá Universidade de Vigo será como máximo de 60 créditos. Ditos 60 ECTS poderán realizarse nun curso completo o ben en semestres independentes.
- 4d. Non poderá incluíse o traballo de Fin de Grao (TFG) no contrato de estudios dos programas de mobilidade. O TFG poderá ser codirixido por un tutor da Universidade de destino, xunto con un tutor da Universidad de Vigo. O TFG deberá ser presentado e defendido na Universidad de Vigo.

A Comisión de Mobilidade ou, no seu defecto o Coordinador/a de Mobilidade fará a selección de estudiantado na Facultade de Ciencias do Mar. As prazas asignaranse por expediente académico (nota media simple segundo a define a Consellería de Educación, DOG, 23 de marzo de 2005) tendo en conta os requisitos de idioma e adaptación do perfil do candidato á universidade de destino. No caso de igualdade de expediente académico para unha praza na mesma universidade, darase prioridade ao estudiante que non teña sido beneficiario dunha bolsa de mobilidade con anterioridade, e aquel que teña superados un maior numero de créditos. Non habendo elementos diferenciadores realizarase un sorteo.

As solicitudes que na data da asignación das prazas non cumpran có requisito 4a do regulamento de mobilidade ou cos requisitos de idiomas establecidos pero que teñan a posibilidade de cumplir estes antes de iniciar a estadía pasarán á lista de agarda.

En Vigo, a 8 de Marzo de 2016



Asdo.: Pedro Besada Pereira

Coordinador de mobilidade da Facultade de Ciencias do Mar